

CONCELLO PLENO
ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2015/07

CARÁCTER: EXTRAORDINARIO URXENTE

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 17 de xuño de 2015

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as 21,10 **horas do día 17 de xuño de de 2015** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **EXTRAORDINARIO** e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Concelleiros presentes

Por Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia
Dona María Luz Alvarez Lastra
D. Vicente Castro Reigosa
D^a Ana María Martínez Fernández.
D.Xosé Farruco Graña Rama
Dona María Sonia Meilán Vizoso
D.David Rivas Peña
Dona María da Paz Ermida Igrexas
D.Jorge Díaz Freije
Dona Vanesa Yanes Rivas

Por Partido Popular

D.Jesús López Penabad
Dona María Rosina Tosar López
D.José Juan Estevez Fernández
D.José María Suárez García

Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D.Roberto Ramos Piñeiro (excusa)
D. David Fernández Feijoo

Por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José A.Carro Asorey

Interventor:

.....

Técnico de Admón.Xeral.

D. José Rodil Veiga



Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

1.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A INMINENTE ENTRADA EN VIGOR DO PLAN DE CONSERVACION DO MONUMENTO NATURAL DE AS CATEDRAIS, DA XUNTA DE GALICIA.

O Sr.Alcalde explica os pormenores da urxencia da sesión que ven dada pola inminente entrada en vigor do Plan de Conservación do Monumento Natural de As Catedrais, da Xunta de Galicia a primeiros de mes

A Corporación, de conformidade co disposto no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986 aprobatorio do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e aos efectos do pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión, por unanimidade dos membros presentes, en votación ordinaria, acorda a apreciación da urxencia e a subseguente celebración da sesión.

2.-POSICIONAMENTO DO PLENO E ADOPCIÓN DE ACORDOS PROCEDENTES SOBRE O PLAN INDICADO.-

Pola Alcaldía-Presidencia dase a palabra á Concelleira Dona Ana Martínez Fernández que pasa a ler o seguinte documento:

“As Catedrais, unha oportunidade para un desenvolvemento sustentable.

O Areal das Catedrais situado no Concello de Ribadeo constitúe un dos destinos turísticos máis importantes do litoral da Mariña, galego, español e mesmo internacional.

Un enclave natural cun alto valor ecolóxico, dada a súa elevada concentración de recursos naturais e paisaxísticos, un espazo litoral único en Galicia cunha singularidade na súa xeomorfoloxía capaz de atraer a milleiros de visitantes e que ofrece una gran variedade de recursos de todo tipo: culturais, científicos, agrícolas, gandeiros, turísticos e que nos últimos tempos ten recibido milleiros de visitantes.

Conxugar coordinada e equilibradamente a conservación dos valores ecolóxicos, a súa biodiversidade, xunto con outros valores socioculturais, e económicos representa un importante reto para os planificadores e xestores do territorio.

Para iso cómpre establecer unha planificación que permita conciliar a conservación de todo este patrimonio natural coa dinamización económica local. Un modelo de turismo sostible, que faga da conservación unha oportunidade, combinando os 3 piares: económico, socio-cultural e ambiental.

Este modelo debe incorporar un plan de xestión e control dos usos dos visitantes, e neste sentido facemos referencia a Carta de Turismo Sostible, coa cal concordamos :

“Adoptárase unha estratexia para a xestión dos visitantes que incluíra medidas para canalizar os fluxos e regular as actividades dos visitantes no espazo protexido. A localización dos equipamentos turísticos, a organización dos itinerarios de interpretación e a información aos



visitantes contribuirán á canalización dos fluxos, orientada a garantir a conservación da contorna natural, cultural e humana, e a experiencia turística. Estas medidas de xestión eficaz permitirán aumentar a contribución económica da actividade turística á vez que diminuirán os inconvenientes da estacionalidade”

Tratase pois, dun modelo orientador baseado nos principios do turismo sostible: xerar mínimo impacto ambiental, fortalecer a cadea de valor local, favorecer a participación e beneficios na localidade, garantir a calidade dos produtos e servizos, fomentar o recoñecemento e a concienciación dos visitantes e da poboación local sobre o patrimonio natural e cultural.

Este modelo demanda concorrencia e convocatoria da participación tanto da cidadanía como das administracións superiores á local que promovan canles de diálogo que faciliten establecer as bases de planificación para a conservación, usos, e promoción dos recursos naturais, territoriais e paisaxísticos de xeito consensuado.

E neste sentido o Concello de Ribadeo xa ten dado pasos que evidencian o seu interese en camiñar cara un modelo de turismo sostible, como é a recente licitación e adxudicación da redacción do Plan Especial das Catedrais, que é un instrumento de protección que nos permitirá reordenar, restaurar e protexer a praia e a súa contorna, a incorporación de técnicas de interpretación e educación ambiental que permita fomentar a comprensión dos impactos do turismo sobre o entorno natural e ofrezan novas alternativas á visita da praia derivando aos visitantes cara outros espazos menos sensibles do noso territorio.

Por outra banda tamén queremos salientar que non rexeitamos a redacción dun Plan de Conservación, cremos que é un paso necesario, aínda que non concordamos co aprobado recentemente pola D.X. de Conservación de Natureza da Xunta de Galicia por diversas razóns: por ser un plan imposto, improvisado e non consensuado, que non atende a problemática desde unha perspectiva de xestión eficaz do turismo, porque non atende aos obxectivos perseguidos no mesmo como é a conservación: favorecendo a concentración das persoas na parte alta do cantil - área máis fráxil desde o punto de vista de protección da biodiversidade, consideramos que hai áreas prioritarias que deberían estar integradas dentro da contorna do plan, que non existen ferramentas de ordenación dos fluxos de visitantes, sexan rodados ou peonís, ou porque non introduce ningún mecanismo de educación e interpretación do espazo que permita a sensibilización do gran público sobre o respecto ao medio ambiente.

Pero entendemos que tampouco asegura unha distribución equitativa dos beneficios e dos custos, non distribúe os visitantes homoxeneamente no espazo e no tempo, empeora a calidade da experiencia turística, non apoia a xeración de traballo no ámbito local e mesmo non responde aos principios mínimos de xestión e información turística de calidade como son o feito de ter unha información clara, uniforme e de fácil acceso.

A quince días do inicio deste plan constátase o profundo desacordo que o plan está a despertar na cidadanía local e especialmente no sector terciario, que, ao fin e ao cao, é a día de hoxe, o máis importantes do noso Concello.

Minuto a minuto, hora a hora, trasládannos as súas queixas os hostaleiros, pois están xa a recibir as primeiras cancelacións para as reservas do verán. Son continuas as chamadas dos visitantes, que teñen como referencia a oficina municipal de información turística de Ribadeo, demandando unha información clara e concisa sobre o acceso ao areal, condicionando isto a súa visita a Ribadeo.

Desde o pleno da Corporación do Concello de Ribadeo como maior órgano de representación da veciñanza propoñemos:

Primeiro.- Solicitar á Xunta de Galicia a suspensión inmediata dos efectos do Plan de Conservación do Monumento Natural As Catedrais, no tocante as medidas previstas a implantar desde o 1 de xullo de 2015 en tanto non exista o consenso necesario entre as administracións públicas implicadas.



Segundo.- Para o caso de que non se produza a suspensión referida no punto anterior, proceder a iniciar os procedementos legais oportunos para a impugnación do referido Plan Conservación do Monumento Natural As Catedrais recentemente aprobado polo Consello da Xunta. En Ribadeo, a 17 de xuño de 2015.”

Prodúcense diferentes intervencións por parte dos Concelleiros voceiros dos diferentes Grupos Municipais.

A Concelleira do Grupo Mixto Sra. Saiz García mostrase de acordo.

Por parte do PSG-PSOE o Concelleiro Sr.Fernández Feijoo manifesta que é preferible un consenso antes de formular impugnacións.

Por parte do Grupo Municipal Popular intervén o Concelleiro Sr.López Penabad que manifesta que existe agora mesmo una inquietude pero que deben estudiarse as diferentes alternativas que existen e que dende logo hai que buscar o diálogo, cre que os pasos van xerar problemas e que o que sí é necesario é un aparcadoiro en condicións. Refírese tamén ao Plan do Concello e insiste sobre todo na necesidade de diálogo por parte de todos.

Intervén de seguido o Sr.Alcalde que insiste no prego formulado, refírese ás conversas mantidas cos responsables da Xunta e da conta, procedendo á súa lectura, dun correo electrónico enviado ao Gabinete da Conselleira de Medio Ambiente ao non constar que persoa asina o escrito, do seguinte tenor:

“Logo de ver o correo electrónico que nesta mañá chegou ao Concello onde mostran o seu interese en participar no Pleno Extraordinario e Urgente convocado para esta tarde-noite acerca do pronunciamento da Corporación democraticamente elixida sobre as actuacións derivadas do Plan de Conservación do Monumento Natural das Catedrais, cómpre indicarlles o seguinte:
Subscribimos con rotundidade as súas amables verbas no tocante ao "ofrecemento co convencemento de que a participación e o diálogo entre as administracións son o único camiño para chegar a entendementos e conseguir os mellores resultados para os nosos veciños, para a promoción do turismo e para a protección do medio ambiente”.

Por iso, ao longo destes últimos dous anos, o goberno municipal da anterior corporación, fixo leal e honestamente unha morea de aportacións para que con intelixencia e con habilidade, puidesemos lograr o grande obxectivo que todos buscamos: O equilibrio entre conservación do medio e motor económico dese espazo para a nosa comarca e, moi especialmente, para o Concello onde está encravado este Monumento Natural: Ribadeo.

Lamentablemente en todos estes meses non puidemos nin acadar que a mais mínima medida proposta polo Concello de Ribadeo (polo seu coñecemento sobre o territorio, pola súa xestión con escasos recursos dese entorno a pesares de non ter competencias,...) fose aceptada e levada adiante: Nin diálogo serio e efectivo entre as Administracións implicadas (Xunta, Deputación, Ministerio de Medio Ambiente, Feve,...), para regulación de tráfico rodado, de favorecemento de transportes públicos como a creación de servizos de buses lanzadeiras desde Ribadeo, para a creación dun apeadoiro de tren a escasos 250 metros do areal, para favorecer a educación ambiental sistemática entre os visitantes, para axudar a regular os aparcadoiros públicos de calidade, etc. etc. etc.

Sempre as actuacións por parte da Xunta de Galicia foron a displicencia absoluta: non ter en conta nada disto, tentar diluír a imaxe de Ribadeo nun etéreo conxunto mariñán e galego, a potenciación delirante do veciño concello de Barreiros como co-titular do areal cuxa delimitación de Monumento Natural enceta e remata en Ribadeo, etc. etc. etc.

Incluso nestes últimos días, despois das advertencias verbais ás responsables políticas desta actuación autonómica onde se lles pedía cordura na aplicación gradual de medidas que



puidesen ter un impacto negativo e non compresible polos milleiros de visitantes, coma o feito das inéditas solicitudes administrativas de acceso de xeito telemático. Algo nunca visto na xestión de espazos que reciben fluxos de moitos visitantes. A todo isto respostóusenos de maneira pouco afortunada tentando establecer a modo de feira un número maior de entradas para que o Concello puidese repartir entre os teóricos visitantes. Incluso no día de hoxe, enteiramonos polos medios de comunicación que destacados representantes políticos da Xunta están no propio areal decidindo as accións a realizar sen que desde o Concello teñamos idea algunha do que se persegue.

En definitiva, nunha relación que nunca tratou ao Concello de igual a igual, como é de xustiza e de razón, senón coma un ente menor que non debe ser considerado por non ter competencias nin “cualificacións” axeitadas.

Por todo isto, froito do debate, do diálogo que en Ribadeo si se practica, vén resultando que a unanimidade do sector servizos e de amplas capas da poboación están en profundo desacordo cos xeitos que estas actuacións se pretenden levar a cabo. É por isto que lexitimamente, o maior órgano de representación da vontade veciñal do Concello, isto é, o Pleno, tomará a palabra para adoptar posición sobre este asunto, e loxicamente, e porque así o establece a lei que todos debemos cumprir, a palabra tómana os concelleiros, concelleiras e mais o Alcalde, estando abertas loxicamente as portas do Concello para que calquera cidadán, con responsabilidades políticas ou sen elas, se poida achegar para presenciar o debate.

Isto non obsta, para que despois das resolucións que se poidan adoptar polos lexítimos representantes do Concello, a man e a palabra dos mesmos sigan abertas como o estiveron sempre para o obxectivo básico polo que estamos aquí: A defensa dos intereses de Ribadeo, dos seus veciños e veciñas, con sometemento á lei e á razón. Ribadeo, 17 de xuño de 2015. Unha aperta, Fernando Suárez Barcia. Alcalde de Ribadeo.”

Rematada a deliberación, a Corporación, por 11 votos a favor (10 dos membros do BNG-AA e 1 da concelleira de Cidadans) e 5 abstencións (4 dos membros do PP e 1 do membro presente do PSG-PSOE), acorda prestar aprobación ao documento de referencia nos propios termos do mesmo.

Sendo as vintedúas horas e non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fé.

O ALCALDE,
Asdo./ FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

O SECRETARIO,
Asdo./ JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE,